

ANEXO I

ROCESO SELECTIVO: UNHA PRAZA DE OFICIAL/A CARPINTEIRO/A (CL2024M)
PRIMEIRO EXERCICIO – Cuestionario tipo test

1. Segundo a Constitución Española, respecto ao castelán, todos os españois:
 - a) Deben coñecelo e poden usalo
 - b) Poden coñecelo e deben usalo
 - c) Deben coñecelo e usalo
 - d) Poden coñecelo e usalo

2. Segundo a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais, Debe un traballador prestar o seu consentimento para que lle realicen vixilancia da saúde?:
 - a) Non
 - b) Se
 - c) Depende do número de traballadores
 - d) Ningunha é correcta

3. A Constitución Española propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico:
 - a) O dereito á vida e á integridade física e moral.
 - b) A liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto
 - c) A liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político
 - d) O dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe

4. As obrigacións establecidas na Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, son de aplicación:
 - a) A toda persoa, física ou xurídica, que se atope ou actúe no territorio español, calquera que fose a súa nacionalidade, domicilio ou residencia
 - b) A todos os cidadáns españois, xa sexa en territorio español ou territorio de calquera país estranxeiro
 - c) A toda persoa, física ou xurídica, que se atope ou actúe en territorio español, con nacionalidade española
 - d) A toda persoa, física ou xurídica, que resida en territorio español, calquera que fose a súa nacionalidade

5. Segundo o Regulamento Xeral de Protección de Datos Pode facilitarse a información ao interesado de forma verbal?:

- a) Non, en ningún caso
 - b) Si, sempre que o solicite o interesado
 - c) Si, en calquera caso sempre que se demostre a identidade do interesado por outros medios
 - d) Si, cando o solicite o interesado e pódase demostrar a súa identidade por outros medios
6. Que tipo de talla busca aproveitar ao máximo a madeira dun bosque, eliminando todas as árbores dunha zona específica?
- a) Talla de selección
 - b) Talla de rexeneración
 - c) Talla rasa
 - d) Talla controlada
7. En relación aos tipos de bosque, que afirmación das seguintes é a correcta?:
- a) O bosque mediterráneo caracterízase polo tépedo do clima e por unha humidade constante, con especies frondosas de folla caduca e coníferas
 - b) O bosque setentrional é propio de rexións de escasa humidade e evaporación intensa
 - c) O piñeiro piñonero é a principal especie do bosque setentrional
 - d) No bosque ibérico intercálanse especies mediterráneas e alpinas
8. Cal das seguintes afirmacións é a correcta?:
- a) A contracción sempre é maior nas fibras novas que nas vellas e maior nas madeiras brandas que nas duras
 - b) A contracción sempre é menor nas fibras novas que nas vellas e maior nas madeiras brandas que nas duras
 - c) A contracción sempre é maior nas fibras novas que nas vellas e menor nas madeiras brandas que nas duras
 - d) A contracción sempre é igual nas fibras novas que nas vellas e maior nas madeiras brandas que nas duras
9. En relación ás propiedades da madeira, cal das seguintes definicións é correcta?:
- a) A plasticidade é a resistencia da madeira á penetración de corpos estraños na superficie
 - b) A hendibilidade é a resistencia que presenta a madeira á abertura da súa estrutura ao introducir unha cuña no sentido das súas fibras
 - c) A hendibilidade é a facilidade da madeira de partirse transversalmente á fibra

- d) A flexibilidade é a facultade dalgúns corpos a deixarse moldear e trátase de aproveitar o poder de compresión das fibras da madeira mediante unha presión entre molde e contramolde
10. Cal das seguintes opcións describe correctamente a densidade aparente da madeira?:
- a) Masa total da madeira seca ao aire libre
 - b) Relación entre peso seco e volume a humidade cero
 - c) Volume de auga que pode reter a madeira
 - d) Proporción de peso e volume incluíndo os poros
11. Nos taboleiros de contrachapado:
- a) Todas as capas teñen o mesmo grosor
 - b) A capa interior é máis fina que as exteriores
 - c) O número de capas é sempre par
 - d) O número de capas é sempre impar
12. Cal das seguintes afirmacións NON é correcta en relación aos materiais derivados da madeira?:
- a) As virutas que conforman os taboleiros de aglomerados disporanse en todas as direccións menos na que vai en dirección do mesmo plano superficial do taboleiro
 - b) Todo elemento estrutural formado pola unión de pezas de madeira coas súas fibras orientadas de forma paralela considérase madeira laminada encolada
 - c) Cando os taboleiros de madeira laminada encolada van revestidos con madeiras nobres denomínanse rechapados
 - d) Os paneis de táblex son paneis de fibras que están constituídos por madeira sintética que se obtén desfacendo madeira natural
13. Cal dos seguintes taboleiros considérase adecuado para o seu uso en elementos estruturais expostos a cambios de temperatura e humidade, debido á súa estabilidade dimensional?:
- a) Taboleiro MDF
 - b) Taboleiro OSB tipo 3
 - c) Taboleiro aglomerado estándar
 - d) Taboleiro laminado de baixa presión (LPL)
14. Cal é a función específica dunha escofina dentro das ferramentas de man para traballar a madeira?

- a) Rebaixar madeira e superficies duras para un acabado fino
 - b) Facer cortes precisos en ángulo en pezas de madeira
 - c) Desbastar madeira, deixando unha superficie rugosa
 - d) Redondear e pulir bordos de pezas de madeira
15. Que tipo de serra se utiliza para cortes finos e de precisión, con reforzo de metal no seu lombo?:
- a) Segueta
 - b) Serra de agulla
 - c) Serrucho de costela
 - d) Serra de ballesta
16. Cal dos seguintes NON é un cepillo de desbastar?:
- a) Garlopín
 - b) Juntera
 - c) Garlopa
 - d) Guillame de media cana
17. Que tipo de cepillo manual se recomenda para alisar superficies en madeiras duras?:
- a) Cepillo de desbaste
 - b) Cepillo de acabado
 - c) Garlopa
 - d) Cepillo de raedera
18. As fresadoras eléctricas, a que ferramentas manuais substituíron no uso diario?:
- a) Os cepillos de moldurar, ranurar e desbastar
 - b) Ao garlopín e a garlopa
 - c) Os cepillos de moldurar, ranurar e rebaixar
 - d) Os cepillos de moldurar, ranurar, desbastar, ao garlopín e á garlopa
19. Que tipo de fresadora utilízase principalmente para realizar cortes en espesor de madeira sen alterar o grosor total da peza, mediante o uso de fresas de gran diámetro?:
- a) Fresadora de banco
 - b) Fresadora de control numérico (CNC)
 - c) Fresadora horizontal

d) Fresadora de columna

20. Que afirmación é a correcta en relación ás cepilladoras planas?:

- a) Constan dunha mesa formada por catro platinas montadas sobre carros que poden deslizarse por guías
- b) Antes de utilizala, é recomendable comprobar a súa posición cunha falsa escuadra se queremos cortar en ángulo recto
- c) A guía ten inclinacións de 30 e 90 graos en relación á mesa.
- d) Canto menor sexa a distancia entre os fillos das coitelas e o bordo das mesas, menos se rasgará a madeira

21. Nunha máquina cepilladora de dobre lado, que elemento permite optimizar o acabado final ao procesar pezas de madeira de gran lonxitude e grosor?

- a) O axuste das coitelas
- b) O sistema de control dixital de velocidade
- c) O sistema dobre de coitelas
- d) Os rodetes de alimentación

22. Que tipo de gramil permite marcar varias liñas paralelas simultaneamente e emprégase en proxectos de molduras complexas?:

- a) Gramil de vernier
- b) Gramil múltiple axustable
- c) Gramil dunha soa punta
- d) Gramil de profundidade

23. Que método de trazado úsase para transferir formas irregulares en superficies contorneadas de madeira?:

- a) Plantilla de contorno flexible
- b) Escuadra axustable
- c) Gramil de profundidade
- d) Goniómetro

24. Cal das seguintes non é un tipo de fechadura?:

- a) Fechaduras de embutir
- b) Fechaduras superpostas
- c) Fechaduras biseladas dobres
- d) Fechaduras cilíndricas



25. Cal dos seguintes tipos de guías é máis adecuado para caixóns que necesitan soportar gran peso e uso intensivo?:
- a) Guías de rodas
 - b) Guías de bóla telescópicas
 - c) Guías de rodamiento plástico
 - d) Guías de fricción
26. Cal é a diferenza principal entre as ferraxes de fricción e os de rodamentos no funcionamento de portas?:
- a) As ferraxes de fricción son máis fáciles de instalar
 - b) As ferraxes de fricción requiren un mantemento máis frecuente
 - c) As ferraxes de rodamentos permiten un deslizamento máis suave
 - d) As ferraxes de fricción son máis duradeiros
27. Que tipo de adhesivo caracterízase polo seu curado pola acción da humidade do ambiente?:
- a) Adhesivos epóxicos
 - b) Adhesivos de poliuretano
 - c) Adhesivos de silicona
 - d) Adhesivos de metacrilato
28. Para que madeiras son apropiadas as colas de resina fenólica?:
- a) Para madeiras cuxo contido de humidade chega ata o 35%
 - b) Para madeiras cuxo contido de humidade chega ata o 25%
 - c) Para madeiras cuxo contido de humidade chega non supera o 20%
 - d) Para madeiras cuxo contido de humidade chega non supera o 15%
29. Cal é o obxecto da imprimación?:
- a) O recheo e compactación das vetas exteriores da madeira
 - b) O recheo e compactación das gretas que poida ter a madeira
 - c) O recheo e compactación das células exteriores da madeira
 - d) O recheo e compactación das testas da madeira
30. Nas unións por espigas, que distancia mínima deberase deixar entre dos trades?
- a) Entre 20 e 30 mm
 - b) Entre 40 e 50 mm
 - c) Entre 10 e 20 mm

- d) Entre 30 e 40 mm
31. Nunha instalación de carpintería de moble a medida, que tipo de material é o máis adecuado para a fabricación de encimeiras de cociña, tendo en conta a súa resistencia á humidade e facilidade de mantemento?:
- a) MDF con recubrimento melaminado
 - b) Madeira maciza sen tratamento
 - c) Contrachapado de bidueiro con laminado
 - d) Compacto de resina e partículas minerais
32. Que consideración débese ter en conta ao elixir a dirección das vetas da madeira na fabricación dun moble a medida?:
- a) A dirección das vetas non afecta a resistencia do moble
 - b) A dirección das vetas debe ser sempre horizontal para evitar a expansión
 - c) As vetas deben ir na mesma dirección que a lonxitude das pezas para evitar deformacións
 - d) A dirección das vetas debe variar entre pezas para aumentar a estabilidade
33. Segundo a Norma UNE 14873-1:2005:
- a) Os materiais de embalaxe utilizados serán adecuados en formas, dimensións e resistencia apropiadas
 - b) A manipulación de mercadorías ou mobiliario refírese só ao traslado desde a dirección de recollida ao vehículo ou contedor
 - c) O orzamento do servizo de transporte pode incluír as condicións xerais e negociables do contrato
 - d) Os modos de pagamento da manipulación e/o transporte manual de mercadorías e mobiliario especificaranse nas condicións xerais do contrato;
34. De acordo co establecido na Norma UNE 16121:2024 UNE 17902:2024 13382:2002:
- a) O ensaio de retención do entrepano (forza horizontal cara a fóra) non é un ensaio de seguridade en mobles de almacenamento
 - b) Os ensaios de resistencia e durabilidade para medir a resistencia das perchas de madeira realízanse medindo a forza por percha
 - c) O reensamblaxe do mobiliario de madeira utilízase cando se desexa destruílo
 - d) As paletas de uso simple poden utilizarse para apilado
35. Cando se realiza unha reparación nunha estrutura de madeira danada por insectos xilófagos, cal é o tratamento máis adecuado para evitar a propagación destes insectos e asegurar a durabilidade da madeira?:

- a) Aplicar unha solución insecticida en spray e lixar as superficies afectadas
 - b) Retirar toda a madeira afectada e substituíla por material novo tratado
 - c) Inxectar un insecticida nas galerías e aplicar un selador impregnado en antiséptico
 - d) Aplicar unha capa de cera para madeira e manter as condicións secas
36. Para a reparación de revogues de esquinas deterioradas necesítase:
- a) Utilizar listóns de madeira para salvar o filo
 - b) Nivelar a esquina
 - c) Utilizar cemento-cola para pegar os anacos soltos
 - d) Tapar as gretas
37. En relación a reparacións elementais nos edificios, sinala cal das seguintes afirmacións é correcta:
- a) Para poder reencolar un marco de xanela sen poder descolgar ou liberar toda a peza, é máis conveniente usar unha cola pouco diluída para introducila no ensamble
 - b) Para reparar o agarre dunha bisagra sen cambiala de lugar, pódense abrir buracos de 4 ou 6 mm de calibre, introducindo espigas de madeira debidamente encoladas para posteriormente taladrar sobre elas e fixar o tirafondos
 - c) Para a cinta dunha persiana que se rompeu, o primeiro paso é desatornillar o caixón superior
 - d) Para proceder á reparación dun enchufe, hai que ter en conta que se o enchufe é bipolar, a conexión dos cables é indistinta
38. Que dispositivo de protección é obrigatorio utilizar ao traballar con ferramentas eléctricas portátiles en carpintería de madeira para evitar un risco eléctrico?:
- a) Fusible de protección individual na ferramenta
 - b) Dispositivo de corrente residual (RCD)
 - c) Luvas de goma illante de alta resistencia
 - d) Fusible de protección na fonte de alimentación
39. Segundo a Guía para a acción preventiva. Talleres de carpintería. Ministerio de traballo e asuntos sociais:
- a) Os residuos da industria madeireira non necesitan ser clasificados para o seu posible uso posterior
 - b) Nas industrias relacionadas coa madeira os residuos son un subproduto non aproveitable

- c) Cuantos máis residuos se produzan nos procesos de carpintería de madeira, mellor é a calidade desta última
 - d) Os residuos resultantes do tratamento da madeira poden ser tóxicos
40. Segundo o establecido na Guía para a acción preventiva. Talleres de carpintería. Ministerio de traballo e asuntos sociais:
- a) Todas as operacións de limpeza deben realizarse por aspiración, nunca por varrido ou soprado
 - b) O transporte de troncos debe realizarse sen luvas para garantir unha maior superficie de agarre
 - c) En zonas de paso con altos niveis de ruído é suficiente con abrir a boca para igualar a presión
 - d) Para evitar lesións non se deben manipular cargas en equipo

PREGUNTAS DE RESERVA:

41. (R1) A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, indica que é unha atribución da Xunta de Goberno da Deputación:
- a) A asistencia ao Pleno no exercicio das súas atribucións
 - b) A asistencia ás Comisións Informativas no exercicio das súas atribucións
 - c) A asistencia ao presidente/a en o exercicio das súas atribucións
 - d) As atribucións que o Pleno lle delegue
42. (R2) Cal das seguintes configuracións eléctricas é a máis adecuada para previr un risco de sobrecarga eléctrica ao utilizar varias ferramentas eléctricas nun taller de carpintería conectado a un só circuíto?:
- a) Utilizar unha regreta de enchufes con interruptores de sobrecarga para cada ferramenta.
 - b) Instalar un sistema de protección por disyuntores axustables que permita unha carga máxima específica por ferramenta.
 - c) Conectar todas as ferramentas a un único enchufe sen protección adicional, confiando nos fusibles do cadro eléctrico.
 - d) Instalar un sistema de distribución eléctrica con varias liñas independentes, cada unha cun interruptor de corte individual.
43. (R3) Cal é o principal compoñente químico das colas PVA (acetato de polivinilo)?:
- a) Poliéster
 - b) Poliamida
 - c) Polímero vinílico


d) Cianoacrilato

44. (R4) Sinala a resposta correcta en relación aos tipos de alicates:

- a) Os alicates de corte facilitánnos o acceso a recunchos de mecanismos ou lugares aos que doutra forma non poderíamos acceder
- b) Os alicates universais son parecidos ás tesoiras, pero a súa boca, segundo o tipo de corte, é distinta
- c) Nunca debemos usar alicates universais para roscar parafusos en perfectas condicións
- d) Os alicates universais poden cortar arames, cravos e condutores co corte lateral e materiais máis duros co corte central

45. (R5) Nas serras de disco, para que son adecuados os dentes trapezoidais?:

- a) Para madeira maciza
- b) Para madeira maciza e taboleiros de densidade media
- c) Para taboleiros de densidade media
- d) Para taboleiros de aglomerado



ANEXO II

PLANTILLA DE RESPUESTAS DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE OFICIAL/A CARPINTEIRO/A (CL2024M)

1	A
2	B
3	C
4	A
5	D
6	C
7	D
8	A
9	B
10	D
11	D
12	A
13	B
14	C
15	C
16	A
17	B
18	C
19	C
20	D
21	D
22	B
23	A

24	C
25	B
26	C
27	B
28	B
29	C
30	D
31	D
32	C
33	A
34	B
35	C
36	A
37	D
38	B
39	D
40	A
PREGUNTAS RESERVA	
41 (R1)	C
42 (R2)	D
43 (R3)	C
44 (R4)	C
45 (R5)	D

De acordo co disposto na base décimo sexta, as persoas aspirantes terán un prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao desta publicación, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.